

POLA MELLORA REAL DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PROFESORADO GALEGO E NA DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

MANIFESTO NA XORNADA DE FOLGA DO 28 DE NOVIEMBRO DE 2023

A contundente resposta nas últimas semanas contra o acordo sindical que implica a renuncia a recuperar o horario lectivo eliminado polo actual goberno demostra a dignidade e capacidade de resposta do profesorado galego. Tanto na folga do día 24 de outubro como nos actos de protesta nos centros educativos, as concentracións nas sete cidades e, especialmente, na multitudinaria manifestación do pasado 19 de novembro, o profesorado galego demostrou un importante compromiso na loita polos seus dereitos e unha integridade a proba de todas as mentiras e manipulacións que se teñen vertido para procurar que o acordo pasase sen contestación social. A propia estratexia da Xunta, coa aparición en escena do presidente Rueda para estampar a súa rúbrica no texto pactado, xunto cos cualificativos propagandísticos e insultantes de que nos atopamos diante dun acordo histórico, é a mellor demostración de como se usou o profesorado como refén de intereses alleos ás demandas que o colectivo docente ten desde hai anos.

As organizacións sindicais que convocamos as diferentes mobilizacións, desde finais de outubro até esta segunda xornada de folga, temos denunciando tanto as formas como o fondo dunhas negociacións que frustraron as expectativas do profesorado galego e que só contaron co apoio dunha minoría sindical na mesa de negociación, nun novo exemplo de como a Consellaría despreza a vontade do profesorado expresada aínda hai menos de un ano nas eleccións sindicais que tiveron como resultado a maioría na mesa sectorial da CIG-Ensino e a conformación dunha ampla maioría sindical que se opón ao acordo, sumando entre a CIG, STEG e CSIF un 60% do voto emitido e o 59% da representación sindical.

Mais non é a forza do apoio maioritario o que nos dá a razón. A razón nace da coherencia coa palabra comprometida no proceso electoral e na negativa a renunciar a dereitos polos que levamos anos loitando. O acordo supón unha clara renuncia por parte de quen o asinou, porque o resultado é unha emenda á totalidade do que se defendía, provocando que se perda unha oportunidade excepcional para acadar o obxectivo de recuperar o horario lectivo previo aos maiores recortes executados por unha administración educativa en todo o Estado.

As mobilizacións destas últimas semanas son unha reacción lóxica, un produto do malestar, unha queixa colectiva, a constatación de que nin como sindicatos nin como profesorado estamos dispostos a tragar co que nos poñan diante. Si. Mais son

algo máis: son a evidencia de que temos alternativa e intención de negociar melloras auténticas e xerais para todo o profesorado sen excepcións e que non renunciamos á mobilización cando a negociación se viola ou se nega.

A ruptura da unidade sindical forma parte tamén da estratexia do goberno galego, que procura pola vía da división de quen representa o profesorado que está desunión minimize a resposta e desanime a quen entende que xa non hai nada que facer. Á vista está que non lograron o seu cometido e esta é a primeira vitoria das mobilizacións docentes: esta viva resposta social e a concienciación de que como colectivo profesional estamos a ser desprezados.

O que hoxe unha inmensa maioría do profesorado ten claro é que o documento asinado é un cúmulo de renuncias e de melloras “low-cost”. **O mellor exemplo témolo nos orzamentos da Consellaría de Educación que están neste momento pendentes de aprobación no Parlamento Galego: non se incrementa nin un só posto de traballo e o gasto sobe por debaixo do incremento xeral das contas da Xunta e, sobre todo, faíno en menor medida que o IPC.** É dicir, comparando as cifras de gasto de Educación co incremento do custe da vida, non só os nosos salarios perden poder adquisitivo senón que a propia Consellaría renuncia a ter máis fondos para o 2024.

O mesmo número de docentes no 2024, unha redución mínima das ratios en Infantil de 3 anos e unha suba salarial de 5€ con carácter xeral, acompañada doutras subas que, sendo escasas, teñen como principal eiva segregar o profesorado. Esta é a fotografía do resultado do acordo para o ano que vén.

Máis alá do próximo curso, e como vimos denunciando, a baixada das ratios é unha acomodación ao devalo demográfico no caso de Infantil, unha aplicación nun tempo excesivo, a 9 anos vista, no caso de Primaria e unha incerteza absoluta na ESO e no Bacharelato, sendo nas demais ensinanzas unha negación expresa a poder contar con esa redución de alumnado por aula tan demandada.

Todo o alumnado que agora mesmo estea escolarizado en calquera etapa educativa e se atope nun centro con ratios elevadas non vai ter ningún tipo de mellora en toda a súa permanencia no sistema educativo. Consentir isto cando vemos a evolución demográfica e os problemas diarios nas nosas aulas é un dos elementos máis negativos do acordo. A redución, mínima e sen practicamente efectos nos cadros de persoal, das horas lectivas, de 25 a 23, en infantil e primaria, mantendo a imposición duns horarios imposíbeis de aturar nas demais ensinanzas é o outro principal punto de discordia. A mensaxe do actual goberno está clara: non queren tomar nin asumir ningunha medida que realmente implique unha mellora laboral e a devolución dos dereitos que este mesmo goberno nos arrebatou.

Hai moitas cuestións que causan un profundo malestar na inmensa maioría do profesorado e que nestas semanas estamos poñendo en evidencia:

- Por que se limita a redución horaria a 23 horas en infantil e primaria se están en vigor uns catálogos de postos de traballo pactados no ano 2007 e que permiten que se impartan 21 horas lectivas?
- Por que se permite que o profesorado de secundaria, FP, idiomas e réxime especial se manteña como o que peores condicións de horario lectivo ten en todo o Estado?
- Por que non se aplica a redución das ratios en todas as ensinanzas desde o curso 2024/25?
- Por que non se aceptou incorporar, xunto coa discapacidade ou a dependencia, diferentes tipoloxías de necesidades educativas que non teñen ese recoñecemento oficial para reducir as ratios e así atender mellor a diversidade do noso alumnado?
- Por que se aceptou diferir a negociación dun calendario de redución das ratios na ESO e no Bacharelato até dentro de 4 anos, sen fixar nin tan sequera cando se aplicará?
- Por que non se atende o problema das ratios na FP, tanto na Básica, que precisa unhas ratios moi reducidas, como na modalidade ordinaria ou a distancia?
- Por que en ningún momento se quixo falar de redución de ratios en ensinanzas de réxime especial?
- Por que se incorporou no acordo unha cláusula que vai permitir que cando un centro non teña espazo físico para cumprir a redución de ratios poida manter as que están en vigor actualmente?
- Por que non se introduce ningunha medida concreta para reducir a burocracia e só se fala, por terceira vez en nove meses, de crear un grupo de traballo para simplificar tarefas?
- Por que se optou por facer unha suba salarial xeral miserábel e insultante de 5€ no 2024 e outros 5€ no 2025? Cabe maior desprezo ao profesorado?
- Por que se optou por subir complementos como os sexenios ou por cargos directivos, inspección e persoal asesor en vez de recoñecer a xestión das direccións e outros cargos de coordinación didáctica cun aumento da liberación horaria para afrontar eses traballos burocráticos?
- Por que non se optou por un reparto lineal de incremento salarial que beneficiaría á inmensa maioría do profesorado?
- Por que non se recupera o pago dos meses de verán ao profesorado substituto que traballa cinco meses e medio ao longo do curso, un dereito recortado pola

Xunta desde 2012 coa complicidade dos mesmos sindicatos que asinaron este acordo?

- Por que se vende como algo positivo duplicar a partida de gastos por formación cando só se gasta o 20% deses fondos e non se derivan os remanentes a aumentar as licenzas por estudos?

Todas as respostas a estas preguntas teñen unha evidencia xa nas contas da Consellaría nos orzamentos da Xunta para o 2024. O goberno galego amosa claramente que non está disposto a incrementar as partidas relativas ao profesorado, porque é sabido que para mellorar de certo as nosas condicións de traballo e a calidade do ensino público habería que aumentar docentes.

O trato que Educación lle dá ao seu persoal non é nin tan sequera o que propio goberno, en Sanidade, deu a todos os traballadores e traballadoras do SERGAS, onde se pactou, aquí si por unanimidade, unha redución das horas de traballo (até un cómputo anual que implica non superar as 35 horas semanais), o que leva ao incremento de máis de 1300 contratacións novas para asumir esa menor carga de traballo.

Vemos, por tanto, que hai un nulo interese da Consellaría por recoñecer o traballo inxente do profesorado e a súa dignificación profesional.

Mais tamén constatamos que todas as respostas a estas preguntas derivan igualmente dunha actuación sindical de quen pactaron este acordo que deixa tirado o profesorado e renunciaron a facer da loita unitaria o mecanismo para forzar á Consellaría a ceder e pactar un acordo con melloras que merezan tal nome.

Quen hoxe aquí estamos, quen nos mobilizamos nestas últimas semanas, somos o profesorado consciente e responsábel que non está disposto a venderse nin a renderse, a aceptar que lle pasen a man polo lombo ou a asumir as renuncias aos nosos dereitos.

Non estamos a facer unha proposta de máximos senón de mínimos imprescindíbeis. Queremos respostas e negociación real.

Fixamos un marco mínimo para que o acordo de renuncias poida ser un acordo de melloras reais e que poden, sen ningún xénero de dúbidas, ser asumidas nos prazos propostos por un goberno que realmente estivese por dignificar a función docente e recoñecer os dereitos que nos arrebataron.

Hoxe, neste novo acto de loita e compromiso, exiximos unha rectificación da Xunta e a apertura dun novo proceso negociador no que se cumpran as demandas que nos trouxeron até aquí e ás que non imos renunciar, porque non nos van calar.

Reclamamos:

- A recuperación dos horarios lectivos de 18 horas en secundaria, FP e demais ensinanzas e de 21 horas en infantil e primaria nun máximo de 2 cursos.
- A redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.
- A aplicación de medidas inmediatas (xa no curso 2024/25) para a redución da burocracia co aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e titoría e co aumento de persoal administrativo.
- O reparto lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.

O profesorado, como calquera outro colectivo profesional, merece respecto. Non somos nin máis nin tampouco somos menos. Como docentes móvenos a defensa do ensino público e a mellora das nosas condicións laborais.

Cando o profesorado se mobiliza tamén está a ensinar. Cando saímos á rúa, cando non calamos fronte á inxustiza e a imposición de acordos minoritarios que negan os nosos dereitos, cando nos rebelamos, damos tamén unha lección, a da dignidade e a defensa colectiva do elemento central do sistema educativo: o seu profesorado. Non imos calar nin consentir que nos dividan e nos desprezen.

NON AO ACORDO DAS RENUNCIAS. SI Á DIGNIFICACIÓN E AOS DEREITOS DO PROFESORADO GALEGO

O PROFESORADO NON SE RENDE.

O PROFESORADO NON SE VENDE.

28 de novembro de 2023